

PROXECTO TERRA

COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA



VISITA GUIADA

**ALLARIZ
(OURENSE)**

CADERNO DE CAMPO

➤ CENTRO _____

➤ NOME E APELIDOS _____

➤ CURSO _____

➤ DATA _____

VISITA GUIADA ALLARIZ (OURENSE)

PROGRAMA

Saída do Centro. A hora de saída dependerá do tempo necesario para chegar a Allariz ás 11:00 co obxectivo de comezar a visita pola vila.

MOI IMPORTANTE: O autobús queda libre das 11:00 ata as 13:00 h.

De 11:00 a 13:30 h_ Ás 11:00 teredes que estar no punto de encontro, na Estación de Autobuses de Allariz, onde vos estará a agardar o guía. Faremos unha **visita polo centro histórico de Allariz**, visitando o **Museo do Coiro**, o **Museo do Xoguete** e máis o **Museo da Moda** como actuacións significativas de recuperación do patrimonio etnográfico da vila, facendo especial fincapé nas actuacións o **Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Allariz** (P.E.C.H.A.) que deu como resultado a concesión, en 1994, do Premio Europeo de Urbanismo.

- Saneamento do cauce do río Arnoia
- Recuperación medioambiental das marxes do río Arnoia
- Rehabilitación integral de vivendas
- Actuacións en rúas e espazos comúns

Ás 14:00 h_ Saída cara ao Ecoespazo O Rexo para o xantar. **TEDES QUE LEVAR O XANTAR.**

Ás 14:30 h_ Chegada ao Ecoespazo O Rexo para xantar. Se tedes bo tempo, poderedes xantar no ecoespazo. Se vai mal tempo, poderedes xantar na Fundación Ramón González Ferreiro.

De 15:30 a 17:00 h_ Visita e actividades no **Ecoespazo O Rexo.**

Ás 17:30 h_ Daremos por rematada a actividade e emprenderemos o camiño de volta.

SABIAGES QUE... As vilas medievais eran centros de produción e os artesáns dun mesmo gremio agrupábanse en rúas que recibían o nome da súa actividade.


- Escribide o nome de **dúas rúas** que aínda perviven en Allariz e deducide que **actividade** se desenvolvía nelas.

SABIAGES QUE... O Castelo de Allariz foi construído no século XI por Afonso VI. Resistiu as Revoltas Irmandiñas do século XV, pero,...

- Cando **desapareceu** o Castelo? -----
- Para que se usaron as **pedras do Castelo**? -----
- Por debaixo da **Ponte de Vilanova** pasa a corrente do río -----
A ponte é de estilo -----



SABIADDES QUE... A igrexa de Santiago é o templo máis importante de Allariz, de estilo románico e levantada entre o século XI e o XII, pero...



• Por que ten **contrafortes** dun lado e doutro non? _____

• Que significado teñen os **cilindros tallados** na portada da igrexa de Santiago?

Na rúa Portelo, moi cerca da igrexa de Santiago, están o Museo do Xoguet e o Museo da Moda.

• O **Museo da Moda** de Allariz está ubicado na antiga casa _____
edificada no século _____

• O edificio que alberga o **Museo do Xoguet**, que usos tivo antes? _____

SABIADES QUE... En Allariz sitúase a historia do lobishome, Manuel Blanco Romasanta, quen se convertía en lobo por unha maldición e mataba para extraer a graxa ás súas vítimas e véndela coma unguento.

- Que relación ten o Museo do xoguete coa **historia do lobishome**?

- Escollede das frases do cadro dúas accións que exemplifiquen o proceso de recuperación da vila de Allariz desde o punto de vista:

Urbano	
Medioambiental	
Social	
Económico	

Restauración do casco histórico. Reforzo do sentimento de identidade. Impulso do turismo sostible e cultural. Implantación de sistemas de depuración e coidado da auga. Creación de emprego. Recuperación das ribeiras do río Arnoia. Creación de espazos públicos. Participación veciñal. Integración da natureza na vila. Posta en valor dos produtos da zona. Peonalización de rúas. Creación de actividades culturais. Apoio ao comercio local. Rehabilitación de edificios abandonados. Creación de zonas verdes. Promoción dun urbanismo sostible.

Na Rúa Emilia Pardo Bazán, esquina coa Praza do Matadoiro hai unha **pastelería famosa**.

- Como se chama? -----

- Preguntade e anotade os nomes dos **doces típicos** de Allariz.

SABIAGES QUE... O Ecoespazo do Rexo está situado na Reserva da Biosfera Área de Allariz. Conta cunhas instalacións (aula, granxa e queixería) para desenvolver un proxecto educativo, que ten como fin e obxectivo pór en coñecemento e valorización, iniciativas de desenvolvemento rural que axuden a preservar o medio natural. A edificación levouse a cabo seguindo criterios bioclimáticos e coa instalación de enerxías renovables para un mellor aproveitamento dos recursos naturais. O artista vasco Agustín Ibarrola fixo unha intervención pictórica e escultórica neste espazo natural.

- Que se **elabora principalmente** no Rexo? _____
- Cal é a principal **materia prima**? _____



- De que **raza** é a ovella que habita no Rexo? _____
- Cita os **pasos de elaboración** do produto. _____

SOPA DE LETRAS



Buscade o nome de 8 **personaxes ligados á vila de Allariz**:

1. **Alarico**: Caudillo suevo do s. VI que estableceu un dominio agrícola e deulle o nome de *Villa Alaricii*.
2. **Ramón**: Monchoño de Magarelos (1916-1943), coñecido coma O xigante de Allariz. Medía 2,40 m e pesaba 150kg.
3. **Urraca**: (1081-1126) Raíña de Castela e León e condesa de Galicia. Estableceu temporalmente a corte real en Allariz.
4. **Alfonso**: Alfonso X o Sabio (1221-1284). Rei de Castela e León. Escribiu as Cantigas a Santa María e pasou a súa infancia en Allariz.
5. **Fernando**: Fernando Ruíz de Castro (-1377). Nobre galego do s. XIV que herdou o apelido e os dominios de seus pais a través do testamento asinado en Allariz.
6. **Manuel**: Manuel Blanco Romasanta (1809-1863). Lobishome ou home do unto de Allariz.
7. **Alfredo**: Alfredo Conde (1945). Escritor e político galego nado en Allariz.
8. **Vicente**: Vicente Risco (1884-1963). Intelectual galego. Escritor. Membro da Xeración Nós. Nado en Allariz.

F	W	O	M	Ñ	P	E	E	O	L	T	S	X
S	A	A	L	A	R	I	C	O	E	I	M	Ñ
S	P	U	V	X	N	Y	Z	A	N	S	U	C
T	H	G	M	A	N	U	E	L	N	V	C	A
V	E	Y	S	M	B	T	V	A	M	O	L	M
U	R	U	X	Ñ	C	U	E	U	W	A	L	I
B	D	V	Y	C	A	C	O	F	N	Y	L	U
J	F	G	Z	A	X	S	I	E	O	C	D	R
O	L	K	Q	T	D	Z	L	R	U	I	X	R
S	P	A	Y	E	Y	A	I	N	B	S	Y	A
N	I	B	I	E	O	H	J	A	E	D	H	C
O	E	T	D	J	G	C	H	N	J	V	C	A
F	Q	C	W	B	H	I	E	D	I	M	T	N
L	O	A	U	P	E	D	R	O	L	A	W	I
A	F	X	V	R	J	O	B	D	T	L	B	N
C	W	U	I	M	B	G	Ñ	A	X	H	Q	W
V	J	O	S	E	D	Q	S	E	O	M	E	Z
J	Q	D	B	U	Ñ	L	D	N	P	A	T	P
E	K	E	F	A	N	A	O	X	T	B	N	A
F	D	R	N	U	H	M	K	W	U	R	E	Ñ
B	R	F	X	J	A	O	L	E	P	U	C	Z
M	N	L	D	R	Y	X	S	M	Ñ	Z	I	R
E	F	A	B	E	Ñ	U	P	B	O	H	V	A

CRÉDITOS



► Edita

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Proxectoterra

Praza da Quintana, 3

15704 Santiago de Compostela, A Coruña, España

Tel. +34 981 552 400 | Fax +34 981 561 658

proxectoterra.coag.es | proxectoterra@coag.es

► Coordinación Proxectoterra

Sheila García Prado

► Autora do material e revisión lingüística dos textos

Rocío Romar Roel

► Ilustradora

Blanca Escrigas Fernández

► Coordinación e xestión da edición

Axencia Gráfica Xaniño

► Agradecementos

Óscar Alejandro Rodríguez Fernández, Noemí Álvarez Doallo,

Begoña Garrido Labrador, Manuel Gallego Alves, Abraham

Herrero Menor e Uxía Lamas Álvarez



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia



AXENCIA DE PROTECCIÓN
DA LEGALIDADE URBANÍSTICA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA
E PLANIFICACIÓN DE
INFRAESTRUTURAS



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADE E
FORMACIÓN PROFESIONAL